



O Noso Lar

2.º Semestre 2001 • Boletín n.º 2



Envellecer ben

Sumario

Presentación	1
Persoeiros	
Vicente Vázquez Queipo	2
O Lema	
Envellecer ben	3
Opinión	
Os Maiores, tesouro que coidar	4
Arte	
Retábulos: inicio e evolución	6
Actividades	
Festa de convivencia cos nosos maiores	8
Cantigas	10
Campamento 2001	
en Cangas de Morrazo	11
Vacacións Convivencia en Portugal . . .	12
Frei Xosé Gómez, o noso bispo	
fai a Visita Pastoral	13
Viaxes de nós	15
No Ano 2002	15
Saúde	
O Viño e a Saúde	16
Experiencias	
¡Qué perdure a inxenuidade!	17
Tradición Oral	
A Reiriz o nome vénlle de...	18
A nosa historia	
Cantares de Reis	19
A nosa cultura	
A cultura da castaña	20
Agricultura e medio ambiente	
Importancia dos coidados	
dos cascos das vacas	22
Cartas	23
Boletín de suscripción	23

Edita:

Fundación O Noso Lar
San Román de Lousada
27620 SAMOS – Lugo
Tel.- Fax : 982 187004

Director:

Miguel Gómez Vázquez

Consello de redación:

Saladina Diéguez Villaraviz
Julio Fernández Doval
Manuel Varela
Amparo Páramo Vázquez
Miguel Gómez Vázquez

Colaboradores:

Jaime Delgado Gómez
Antoine Passerat
Adela Arias Conejo
Oscar López
Miguel Sampedro
José Luis Garza
Xulio Pérez Pereiras
Alba M. Alvarez Vergara
Concepción Rodríguez
Fdez.
Manuel Otero

Depósito Legal:

LU-229-01

ISSN:

En trámite

Maqueta e Imprime:

GRAFIC-LUGO, S.L.



Cando se fala do mundo rural, con frecuencia escoitamos dicir que estamos ante unha sociedade envellecida. Detrás desta afirmación hai unha serie de connotacións negativas: non temos futuro, non hai nada que facer, non queda máis remedio que aguantar, é unha pobreza, isto acábase...

Debemos aceptar que a realidade é complexa, pero non podemos deixar de recoñecer que no trasfondo destas expresións e outras parecidas, hai unha carga de negatividade máis subxectiva que obxectiva. Isto fai que sexa moi difícil descubrir que certamente tamén existe moita riqueza.

A *Fundación O Noso Lar*, desde a súa vocación de servizo á xente da nosa terra, e polo tanto ó mundo rural, aposta pola riqueza da vida dos nosos maiores. Esta opción arriscada e decidida vese reforzada pola riqueza cultural e paisaxística das nosas poboacións, e polos valores humanos e cristiáns que fan doada e esperanzada a vida nas nosas comunidades parroquiais.

Os contidos deste segundo número do *Boletín O Noso Lar*, axudaranos a tomar conciencia desta preciosa riqueza, non sempre valorada. Deixemos que a nosa capacidade de asombro se achegue sen complexos á realidade sobre a que se levanta a nosa historia. Non só a pasada senón tamén a futura. Persoeiros ilustres como Vázquez Queipo enriquecen esa historia. Como o fan tamén as sinxelas e humildes obras de arte da nosa terra samonense. Sen esquece-las múltiples marabillas coas que a nai natureza nos obsequia. A cultura popular axúdanos a descubri-las nosas raíces etnográficas.

Desafiamos, pois, ós que, afirmando que vivimos nunha sociedade envellecida, só ven como saída desaparecer do mapa. Os argumentos deste desafío non son as palabras, senón a riqueza que constatamos e os valores das nosas xentes, que fan posible a realización de actividades que fomentan a boa convivencia interxeracional. Delas infórmase nestas páxinas.

Nesta apaixonante tarefa, a fe e o *Evanxeo* axúdannos a supera-las dificultades, sentíndonos unidos e fortalecidos na solidariedade. Vémonos como Igrexa peregrina animados tamén pola forza do Espírito do Señor Resucitado.

No trasfondo de todo este quefacer e desta pedagogía da *Fundación*, está o desexo de axudar ós nosos maiores a envellecer ben, *de axudar a que o amor deles e a eles sexa un estímulo poderoso para vivir moito e felizmente*. Está tamén a pretensión de que os *m-is novos mimÈmo-lo tesouro dos nosos maiores. E sint-mo-lo orgullo do moito que nos legaron e amosemos canto deles aprendemos*.



en resumen

Vicente Vázquez Queipo,

ilustre científico e político

Percorrendo o tramo do Camiño Francés que pasa polo noso concello, atopamos a moi poucos quilómetros da vila de Samos, en dirección ó Cebreiro, a “Casa Fuerte de Lusío”. Como indica o seu nome, esta casa foi, e segue sendo, a pesar do seu estado, unha nobre mansión a xeito de fortaleza situada nun altiño da parroquia de San Cristobo do Real.

Simplemente botando unha ollada a este edificio podemos comprobar de onde lle vén o nome de “Casa Fuerte”, xa non só pola súa situación, senón tamén pola cerca amurallada, o torreón de estrutura rectangular e a pedra heráldica.

Pero seguramente do que non nos decatamos ó ollar a casa é que aquí naceu un ilustre matemático e físico chamado Vicente Vázquez Queipo.

Vázquez Queipo naceu o 17 de febreiro de 1804, chegando moi lonxe na súa carreira profesional. Quizais a obra máis importante, que de feito é coñecida universalmente, son as *Taboas de Logaritmos Vulgares*, premiada na Exposición Universal de París de 1867.

Foi deputado a Cortes e senador do Reino en varias lexislaturas, ocupando cargos de subsecretario de Gobernación e director xeral de Ultramar, maxistrado honorario do Supremo Tribunal de Guerra e Mariña, conselleiro de Instrucción Pública, individuo de número das Reais Academias de Historia e de Ciencia e correspondente do Instituto de Francia e doutras institucións estranxeiras.

Sen dúbida, non debemos esquecer que ademais das xoias arquitectónicas e naturais, Samos tamén nos deu, e seguirá dando, persoeiros tan ilustres como Vázquez Queipo.

Alba M. Ivarez Vergara

OBRAS DO AUTOR

• *Memorias sobre la reforma del sistema monetario de la isla de Cuba.* (1844)

• *Informe fiscal sobre el fomento de la población blanca de la isla la Cuba y abolición gradual de la esclavitud; obstáculos que a ella se oponen y reformas que deben hacerse en todos los ramos de su legislación y administración.* (1844)

• *Proyecto de ley sobre la uniformidad y reforma del sistema métrico y monetario de España.* (1847)

• *Essai sur les systèmes métriques et monétaires des anciens peuples depuis les premiers temps historiques jusqu'à la fin du kalifat d'Orient.* (1859)

• *La cuestión del oro.* (1861)

• *La crisis monetaria española* (1866)

• *La candidatura alianza monetaria* (1867)


• *Contestación a la carta de un cubano* (1847)

• *Colección de varios artículos en defensa del informe fiscal.* (1848)

• *Discursos académicos*

• *Aritmética Superior Mercantil* (1887)

• *Tablas de Logaritmos Vulgares de los números desde 1 hasta 20.000 y de las líneas trigonométricas* (1961)



Envellecer ben

Segundo a *Biblia*, os cabelos brancos son unha coroa gloriosa e unha boa recompensa. No libro de Daniel, o señor de tódolos imperios aparece como un ancián de branca cabeleira, pura como a lá. E no *Apocalipse* o séquito do año victorioso está formado por vintecatro anciáns con coroas de ouro na cabeza.

Por outro lado, é verdade que na *Biblia* hai un temor á decadencia da vida que acaba e que se gasta como a roupa. Por iso, nun salmo se pide con certa angustia: “Non me rexeites na vellez, non me abandones cando me faltan as forzas”.

Envellecer é o destino da vida e non podemos evitalo.


Envellecer ben é unha bendición que ten máis posibilidades de florecer no camiño dos experimentados.

O neno non é máis que unha fráxil esperanza; o xove só é unha promesa florecente; o adulto, un intento constante de afirmación cheo de indecisións, acertos, fracasos... Ningún deles alcanza a plenitude de vida que logra o ancián.

O vello é a gran riqueza innegable que resume tódalas demais: é xa esperanza fecundada, é promesa feita realidade. O ancián é rico remanso onde desembocan as correntes da vida coa súa forza e o seu misterio. Ante el deberíamos quedarnos como discípulos ante o mestre.

No ancián as palabras non teñen tanta importancia como as ideas. Non importa que as súas palabras sexan poucas cando a súa historia é densa e a súa alma é grande. Quizais el non intenta ensinar, pero ó seu lado, se admiramos, xa damos un importante paso para aprender.

Nun mundo de inseguridades, hai que pedir ós vellos que nos axuden a crer con firmeza. Máis



que ensinarnos a facer algo, que nos ensinen a entregarnos con paixón ó que fagamos. Que nos fagan amar a vida.

Antes de chegar a vello, o ser humano propónse levar a cabo a súa propia tarefa. Chegada a ancianidade, ten que converterse a persoa nun ser adicado ós demais.

O amor é un dos estímulos máis poderosos para a conservación dunha vida prolongada e feliz. A inclinación a mostrarse preocupados polos demais fai fermosa a vida. Se temos esa inclinación máis cedo, quedaremos mellor fortalecidos para os anos posteriores.

Persoas entendidas en cuestións relixiosas aseguran que o alivio que produce a fe é pequeno nas persoas que a descoidaron. A vida é máis fermosa para os que teñen na fe un auxiliar constante. Quen ten fe en Deus seguramente ten fe nos demais e nun mesmo.

Manuel Varela



Opinión

en

resumen

Os Maiores tesouro que coidar



Xosé Manuel Carballo

Queridos nenos, medianos e maiores, respectables autoridades: aceptei con agrado a encomenda de pregoeiro desta Festa de Convivencia cos nosos maiores e, como pregoeiro, tería que comezar anunciando que se ía celebrar esta festa, pero a estas horas a festa xa comezou cun saúdo de benvida, con algunhas actuacións musicais e co Banquete da Eucaristía, no que se nos convida ó Viño Novo da cordialidade e da fraternidade e no que a Palabra feita Pan reforza os vencellos de veciñanza e desdubuxa as fronteiras das diferencias; porque é o Pan que o Pai pón sobre a mesa para ser compartido por tódolos seus fillos.

Non podo negar que sinto unha fonda ledicia por poder participar nun acto de homenaxe ós nosos maiores, porque sinto especial veneración por todos eles.

Desde esa veneración e desde ese cariño, quero felicitar cordialmente á Fundación "O Noso Lar" e a cantos colaboran para que este acto sexa posible.

É habitual que nos refiramos a aqueles que xa cumpriron máis anos ca os que xa non somos novos co apelativo de "Os nosos maiores". Eu tamén o fago, pero, por máis voltas que lle dou, paréceme que ese dito, aínda que expresa agardamento, non é de todo correcto. Creo que os maiores non sodes nosos; senón que os máis novos somos vosos. Cada un é o que é gracias ós que comezaron a ser antes, porque todos somos herdeiros dos que nos van precedendo. Os máis novos somos o que somos gracias ós máis vellos, ós nosos devanceiros. Dos que nos preceden recibimos a vida, a herdanza xenética, cultural, educacional e ás veces tamén a económica. Os máis novos somos dos máis vellos e non á inversa. Pertencémosvos por pleno dereito. A vosa pegada e a vosa imaxe está impresa en nós.

A cousa tenvos o seu que lle digan, porque se vós, os maiores, fosedes nosos, poderíamos sentirnos tentados a utilizarvos como se utilizan as cousas que son dun, ou a quedarmos moi satisfeitos coas cousiñas que vos ofrecésemos

para contentarvos; pero, se nós somos vosos, tedes dereito non só ás cousas que vos poidamos dar, ou ás accións que poidamos realizar para tervos contentos, senón a nós mesmos en todo o noso ser, aínda recoñecendo que ningunha persoa téndereitos absolutos sobre outra persoa.

Quero dicir con isto que homenaxes coma este son actos de xustiza, modos e medios de expresar o desexo e o deber de corresponder como merecedes a canto de vós temos previamente recibido.





Como di o lema desta festa: os maiores sodes un tesouro, e os tesouros sempre tiveron e teñen un valor inconmensurable que depende, máis ca da súa taxación no mercado, do valor afectivo que representan.

As razóns polas que os maiores sodes un tesouro están moi ben expostas no Boletín nº 1 da revista "O Noso Lar" e a ela me remito. Só quero recordar que os tesouros cóidanse, mímanse, séntese facheira por telos e amósanse con moito xeito a quen saiba apreciálos. Así deberá ser tamén cos maiores: mimalos, sentir o orgullo do moito que nos legaron e amosar canto deles aprendemos.

Pero tamén deberei advertir a algún maior que non sexa que crea tanto isto do tesouro que acabe facéndose un rallante e requirindo máis atencións das que realmente necesita. Que tamén coñezco eu a algúns que se cren con dereitos absolutos sobre o resto da familia, de maneira que chegan a inventar enfermidades ou trucos que non deixan vivir ós que os rodean e, para máis, ata son desagradecidos.

Por seren os tesouros algo de gran valor, San Paulo compara a fe en Xesucristo cun tesouro, e neste campo, como crego e como cristián, quero agradecervos que nos transmitisedes a fe que

vós tamén recibistes e pídovos que coa madurez que van dando os anos sigades sendo educadores na nosa fe e en auténticos valores humanos a semellanza daquel vello Simeón do que nos fala o Evanxeo e daquela velliña, Ana, que falaba a todos do Nenos Xesús cando o presentaron no templo. Ela foi a primeira catequista. Sédeo vosoutros tamén.

Permitídemme que as últimas palabras non sexan da miña colleita, senón tomadas dun libro da Biblia, o Eclesiástico, que nos apunta como temos que coidar o tesouro dos nosos maiores:

*O que honra a seu pai, expía os seus pecados.
O que respecta a súa nai acugula tesouros.
O que honra a seu pai aledarase nos seus fillos.
O que respecta a súa nai terá longa vida.
O que teme ó Señor honra a seus pais e sírve-os como a señores.*



Pois señores sodes todos, non polo señorío de títulos nobiliarios herdados, senón polo señorío que nace da nobreza do corazón.

Graciñas por aturarme.

Extracto do pregón da XI Festa-convivencia cos nosos maiores (Samos, 19 de agosto do 2001)



Retábulos:

inicio e evolución

Cando entramos nunha igrexa non poucas veces quedamos impresionados polos grandes e fermosos retábulos que enmarcan unha serie de valiosas imaxes. Pero quizais ignoramos que nos primeiros mil anos non existían. Dar a coñecer cómo se chegou a eles despois dunha longa e variada evolución, é o que intentarei facer aquí para quen interese saber isto.

Sobre os primeiros pasos que logo darán pé ós futuros retábulos, infórmanos Righetti na súa *Historia de la Liturgia*. E di que xa a finais do século IX comezouse a permitir a colocación sobre a mesa do altar dunhas urnas con reliquias de santos (fig. 1). Daquí xurdiu, quizais polo remate do século XI, tamén segundo Righetti, o que logo evolucionaría para converterse en pequenos cadros esculpidos ou pintados, xeralmente sobre madeira.

A pesar de que estes inicios dos retábulos non estean aínda ben estudados, si podemos establecer xa unha liñas seguras sobre a orixe deles e a súa evolución. Ós menos iniciados nestes temas seguramente lles interesará que nos deteñamos nas seis etapas que comprende a evolución dos retábulos.

Primeira etapa. É moi probable que xa no século XII se fose impoñendo a moda de colocar un díptico sobre o altar, a imitación daqueles célebres dípticos consulares romanos (fig. 2).



Figura 1.- Fermosa caixa de reliquias alto-medieval do Museo de Brescia



Jaime Delgado Gómez

Estaban compostos de dúas follas de marfín unidas por uns gonzos que permitían a súa apertura e o seu peche. Dentro destas follas ían esculpidas escenas relativas ó consúl a quen estaba adicado. Agora, nos dípticos cristiáns colocados sobre o altar, van representadas as efixies do Señor, da Virxe ou do santo a quen se lle adicaba a igrexa.

O díptico poñíase aberto sobre o altar durante a celebración eucarística e retirábase ó finalizar. Realzábase desta maneira o altar e facíase presente ó titular da igrexa. Aumentábase así o fervor dos fieis na celebración dos sagrados misterios.

Segunda etapa. Introducida a moda, os artistas encargáronse de ir enriquecéndoa, e do díptico (dúas follas) pasouse a un tríptico (tres follas). Ten o tríptico un corpo central ó que se engade por cada lado, mediante gonzos, unha folla coa metade da súa anchura. Deste modo dúplícase o espazo para unha maior escenografía. Rematada a función, pregábanse as dúas follas laterais sobre o corpo central e retirábase de enriba do altar.

É moi probable que a imaxinación dos artistas fose aumentando os tamaños e os temas relixiosos. Quizais certos trípticos, polo seu gran tamaño, esixisen ser colocados no muro, e non no altar.

¡Xurdiu así o primeiro retábulo propiamente tal!

Ó principio, aínda estes, seguirían sendo retirados, debidamente pregados, cando finalizaba a cerimonia relixiosa. Pronto, igualmente pregados, foron deixándose alí pendurados no muro. Nestes casos impúxose a necesidade de decorar tamén as follas laterais por ambas partes. Así, o tríptico, aínda que pregado, seguía decorando aquel espazo e era obxecto de admiración.

Terceira etapa. Ó tríptico séguelle o políptico (moitas follas), sempre fixo no muro, tralo altar. Nas súas follas, ou partes despregadas, desen-

volvíase unha ampla e ben programada temática. E ó ser pregado, deixaba tamén á vista un fermoso tema relixioso.

O máis célebre coñecido é “A Adoración do Añó Místico” da igrexa de San Bavón de Gante (Bélxica). Foi pintado polos xeniais irmáns Van Eyck, que o remataron en 1432 e que representa a obra cume da pintura flamenca.

Cuarta etapa. Agora temos retábulos pintados, que veñen sendo uns polípticos fixos e sempre despregados. Inícianse na metade do século XIV e prolónganse por todo o século seguinte. Deles quedan varios exemplares valiosos en España.

Quinta etapa. En pleno Renacemento (século XVI), as escenas pintadas nos retábulos empezan a ser esculpidas. Os máis grandes escultores dese tempo, incluídos algúns galegos, deixáronnos extraordinarios exemplares.

Sexta etapa. O último paso, e como unha resposta ó protestantismo, que negaba o culto á Virxe e ós santos, aparece unha imaxinería moi variada. E agora as imaxes están en fornelos.

A etapa dos Retábulos Pétreos

Nesta longa evolución con esas seis etapas, interponse un especial sistema de retábulo: uns pequenos retábulos pétreos. Pero a súa escasa aceptación non posibilitou que quedasen abundantes exemplares. Polos coñecidos, dedúcese que xa foron iniciados no século XIII e continuaron nos dous séculos seguintes, variando o estilo.

En Galicia temos tres interesantes exemplares. Un deles consérvase



Díptico consular bizantino (século VI)
Museo da Catedral de Oviedo

se no que foi o gran mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil (Ourense). Outro está en San Martín de Mondoñedo, primeira sé episcopal da Diocese mindoniense.

O terceiro, pertencente á nosa Diocese, está na célebre igrexa de San Salvador de Vilar de Donas (Palas de Rei), (fig. 3). Deste escribe Francisco Vázquez Saco: “...curiosa peza de pedra con baixorrelevo, que tanto polas súas ornamentacións como polas escenas que a decoran, adáptase ós primeiros retábulos que, colocados no fondo da mesa do altar, substitúen ós dípticos e trípticos primitivos”.

Aparecen representadas dúas escenas a cada lado. E no medio, un cáliz na parte inferior e un oco na superior. Na parte dereita está a escena da Piedade e, ó seu redor, Xoán, Xosé de Arimatea e dúas piadosas mulleres. Como fondo aparece a cruz coa escada do descendemento.

A outra escena representa un altar sobre o que aparece Cristo Resucitado e a cruz cos instrumentos da Paixón. Un sacerdote está alzando a Sagrada Hostia, mentres un monago sostén un cirio aceso.

Hai neste retábulo un movemento e unhas expresións dos rostros que o permiten clasificar como renacentista.



Pétreo retábulo de San Salvador de Vilar de Donas.

Festa de Convivencia cos maiores

A xente xa conta desde hai tempo coa Fundación “O Noso Lar” para moitas cousas, pero unha das actividades máis atractivas é a Festa de convivencia cos maiores. Esta celébrase no concello de Samos desde 1991 o terceiro domingo de agosto. Este ano foi o 19 dese mes e celebrouse na carballeira do Castro de Lourido.

Un ano máis, a Fundación “O Noso Lar” quixo homenaxear a tódolos maiores do concello cunha festa e adicarlle o día.

Co lema ***Tesouro que hai que coidar*** quíxose axudar a todos a caer na conta de que o tesouro que representa a xente maior hai que coidalo, para que chegue ós novos e que os maiores se estimen e se queiran máis a si mesmos.

O día da festa foi un día moi bonito, pero non menos foi toda a preparación que se fixo con moito tempo de antelación. É moita a xente (pequenos, mozos e non tan mozos) que se pre-



ocupa e quere que ese día tódolos participantes se encontren ben e disfruten da convivencia e do encontro cos veciños.

Conseguir que todo estea a punto e organizado leva consigo a colaboración de moitas persoas, cada unha desde o que pode e sabe.

Durante o mes de xullo un grupo de xente xuntábase polas tardes para facer os recordos da festa, que logo serían repartidos, xunto coas invitacións, por tódalas casas. Algo moi sinxelo pero feito con moito cariño e ilusión. Queremos agradecerlle a unha boa colaboradora e mestra nestas tarefas, Violeta Bernardo, a paciencia coa que ensinou a facer o detallliño, e o tempo que adicou desinteresadamente, motivando a todos a facelo con moito gusto.

Ó ir visitando casa por casa, todo o concello foi un ano máis unha experiencia moi positiva, agradecemos a todos a acollida coa que reciben a invitación e o interese que todos manifestan pola festa.

As “cousiñas” que se expoñen e venden o día da festa, fanse en talleres de manualidades cos pequenos durante o verán. Dá gusto ver estes pequenos xa mentalizados e facendo as cousas con cariño para os nosos maiores. Eles saben que moito máis non poden facer, e queren colaborar e así poder recadar algo para cubrir gastos.

As rosquillas que ese día ofrecen no campo os mozos ós que van chegando, tamén están feitas pen-



Ficha Técnica

Nº DE PARTICIPANTES: 2.800 personas

MAIORES DE 60 ANOS: 1.000 personas

DATA: 19 de agosto de 2001

LUGAR: Castro de Lourido

GASTOS: 2.604.900 ptas.

INGRESOS:

- **Xunta de Galicia**1.675.000 ptas.

- **Concello de Samos**350.000 ptas.

- **Rifas**450.000 ptas.



sando en que todos esteamos a gusto e ninguén se sinta estraño. Isto é tarefa dunhas cantas mulleres de distintos pobos.

Como en anos pasados, unha trintena de homes, mulleres e nenos traballaron conxuntamente os días anteriores á festa acondicionando a carballeira para que tódolos asistentes tivesen un lugar onde poder sentar a comer.

Hai que lembrarse dos mozos e mozas que este ano se acercaron a Castro de Lourido, o día antes e o propio día da festa, cunhas condicións atmosféricas pouco favorables, co fin de que todos estivesen ben atendidos e se sentisen máis cómodos.

Montar as mesas e preparar o campo, ¡cantas suores! os que da mañá á noite andan picando e cravando estacas, puntas... ¡Colocar sillas e bancos, limpalos, recoller por se chove! Estes ratos

tamén se pasan ben e nunca faltan os contos e chistes cos que disfrutar e rir.

A canción coa que os mozos queren homenaxear ós maiores (e que estes últimos anos queda bastante deslucida por non podela cantar ben, debido á choiva) é outro detalle que se fai con gusto, aínda que ás veces é daquela maneira.

Servir comida para tanta xente non sempre é fácil, pero aí están os mozos todos ilusionados de poder axudar e colaborar no bo desenvolvemento da festa.

Todo esforzo, traballo e tempo empregado en facilitar a vida ós demais, nestes casos, ós nosos maiores, é pouco, xa que eles fixeron moito por nós: todo o que temos e somos é gracias a eles.

Agradecemos, pois, a tódolos maiores, esta oportunidade que cada ano nos dan de poder expresarles o noso cariño e admiración. Animamos a que isto continúe cada vez con máis forza. Graciñas a tódolos que o fan posible.

*Miguel Sampedro
Adela Arias*



COMPAÑEIRO QUE ME ESCOITAS

Tesouro se escribe con **t** de **t**raballo,
de tempo, de terra, tenrura, tesón...
Os vellos son soias que temos ó lado
son nosos seus anos: regalo de amor

COMPAÑEIRO QUE ME ESCOITAS
SE TES PAI, E NAI, E AVO
NAS TÚAS MANS TES UN TESOURO
NON O PERDAS, COIDAOI
NAS TÚAS MANS TES UN TESOURO
NON O PERDAS, COIDAOI

Tesouro se escribe con **e** de **e**speranza,
con **s** de **s**al, con **o** de **o**cación...
Vivindo cos vellos a noite é máis crara,
a vida se alegra e ten mais sabor.

COMPAÑEIRO QUE ME ESCOITAS...

Tesouro se escribe con **u** de **u**nidade,
de **ú**til, de **u**nánime, **ú**nico, **u**nión...
Unidos os vellos se abren camiños,
unánime andar unha soa voz.

COMPAÑEIRO QUE ME ESCOITAS...

Tesouro se escribe con **r** de **r**ezo,
de **r**ocha, de **r**eto, de **r**uta e **r**azón...
O reto hoxe é o noso, e a ruta é aberta,
a vida dos vellos os cimentos son.

COMPAÑEIRO QUE ME ESCOITAS...

Con **o** de tesouro se escribe as **o**bras,
as **o**ndas da vida, do tempo, as
opções...
Máis hoxe queremos facer con vos festa,
é o noso tesouro adicar a ovación.

COMPAÑEIRO QUE ME ESCOITAS...

Festa maiores 2001



COMPARTIR

Din que a vida é camiño
e Deus chamou a camiñar
se damos xuntos os pasos
a vida nova virá.

COMPARTIR
É TE-LO CORAZÓN ABERTO,
COMPARTIR, FACER DA TERRA O NOSO LAR

Din que a riqueza da vida
cos anos pasa e se vai.
Nós cremos que os vellos
son tesouro que coidar.

COMPARTIR...

Din que a esperanza da vida
é todo o que fai medrar.
Mais a esperanza é a escoita,
a caridade e a entrega.

COMPARTIR...

Din que o futuro é incerto,
que o mundo non cambiará,
mais dez anos compartindo
dinnos que a fe o fará.

COMPARTIR...

Festa maiores 2000

*Cantigas adicadas os nosos maiores, compostas
e interpretadas polos mozos e mozas.*



Campamento 2001

en Cangas de Morrazo

Un ano máis ten lugar o campamento en Cangas de Morrazo, e unha vez máis participamos con ledicia nesta actividade que a Fundación **O Noso Lar** e a asociación **Mundaveiga** vén realizando con rapaces e rapazas do concello de Samos, acollendo tamén, por algunha circunstancia especial, algún doutro concello.

Os obxectivos que nos propuxemos, entre outros, son:

- Pasalo ben e colaborar para que todos nos atopemos contentos.
- Coñecernos a nós mesmos, ós outros, a natureza, a Deus e celebralo con ledicia.
- Promover a integración no noso medio ambiente a través de diversos xogos e actividades.
- Disfrutar e gozar na praia.
- Fomentar habilidades e a creatividade de cada un.

Para lograr estes obxectivos realizamos diversas actividades.

Saladina Villaravid



Ficha Técnica

Nº DE PARTICIPANTES: 41

IDADES: entre 9 e 17 anos

DATAS: 11-21 xullo

LUGAR: Cangas de Morrazo

GASTOS: 517.000 ptas.

INGRESOS:

- **Aportación particip.**292.000 ptas.
- **Consellería de Familia** 225.000 ptas.

Testemuño dunha participante

Ós nove anos, dúas amigas animámonos a ir uns días á praia en compañía de xente que non coñecemos. Pero o primeiro día xa fixemos amizades con case toda a xente do campamento.

Os campamentos son algo especial para nós, xa que imos á praia e incluso algúns aprendemos a nadar; sabemos prescindir de cousas como a televisión, a ducha con auga quente... Todos xuntos coñecemos, compartimos todo o que temos e axudámonos mutuamente. Tamén hai quen se enamora no campamento.

Tódolos monitores e rapaces dividímonos en grupos: cociña, fregado (o grupo que menos nos gusta a todos), limpeza do campamento, preparación de xogos para a noite e grupo de apoio (que bota unha man a calquera outro que o necesite).

Algunhas tardes aprendemos a facer pulseiras, chaveiros, pintamos camisetas... e uns aprendemos dos outros.

Hai un día no que recibimos a visita dos pais que se poden desprazar; é un día no que compartimos con eles a nosa felicidade.

Cando toca volver ás nosas casas, estamos moi contentos por ver a toda a familia, pero tamén tristes ó non poder seguir a experiencia algúns días máis, por facérsenos poucos.

Eu levo oito anos indo ó campamento e cada ano veño máis feliz.

Susana López Pérez



Vacacións

Convivencia en Portugal

A viaxe a Portugal tiña como finalidade que un grupo de persoas de idades diferentes pasáramos uns días de vacacións e de convivencia, nun país irmán para coñecer-las súas xentes, os seus pobos e cidades de interese histórico, cultural, artístico, turístico,...; coñecer, probar e disfrutar das súas praias, da súa cociña, das súas diversións. ¡Andar moito, durmir pouco e pasalo ben...!

Saímos de Sarria o día 25 de xullo pola tarde para volta-lo 3 de agosto pola noite, nun autocar conducido por Luís, que en todo momento foi un máis do grupo.

Lugares visitados

Viana do Castelo, percorrido polas súas rúas. **Oporto**: Praza do Concello, Igrexa dos Clérigos, Catedral, a Ribeira, Estación de San Bento, Bolsa, Museo dos Coches, Palacio de Cristal, Bodegas en Vila Nova de Gaia, Cruceiro polo río Douro. **Coimbra**: Universidade, Museo de Santa Cruz, Arco de Almedina. **Nazaré**, a súa praia. **Óbidos**, paseo polas súas rúas e murallas. **Sintra**, Palacio da Pena. **Estoril**, autódromo. **Cascais**, percorrido polas súas rúas. **Lisboa**: Castelo de San Jorge, Praza do Comercio, Rúa Augusta, Praza do Rossio e da Figueira, o Chiado, Torre de Belén, Mosteiro dos Jerónimos, Oceanário, Alcántara, Xardín Botánico. **Setúbal**, Xardín e rúas. **Sesimbra**, a súa praia. **Alcobaca**, Mosteiro de Santa María. **Batalha**, Mosteiro de Santa María da Vitoria. **Tomar**, Convento do Cristo. **Fátima**, oración comunitaria e procesión no Santuario. **Conímbriga**, o seu xacemento romano. **Figueira da Foz**, percorrido polas súas rúas e a súa praia. **Aveiro**, coas súas atractivas canles. **Braga**, Santuario do Bon Xesús do Monte. **Ponte de Lima**. **Valença do Minho**, a fortaleza.

¿Que contar?



Ficha Técnica

Nº DE PARTICIPANTES: 22

IDADES: entre 12 e 60 anos

GASTOS: 1.162.000 ptas.

INGRESOS:

- **Aportación particip.**870.000 ptas.

- **Consellería de Familia** 292.000 ptas.

Aínda que estabamos de vacacións, pateamos e percorremos as empinadas rúas e escalinatas, sen protestar polos rodeos.

Os que levaron as súas mascotas, (moto, porquín, ...) entre o cambio de hora, a tormenta que nos tivo ás escuras e a proximidade do autódromo de Estoril, non puideron durmir xa que as tiveron que vixiar toda a noite.

Tamén tiveron traballo o cámara, o reporteiro e os encargados das nominacións.

En Alcántara, quedamos abraidos cando chegamos para cear. ¡Os nosos fracs e traxes de gala na maleta e nós de calquera maneira!

Facer agasallos á conta das nosas pertenzas parece doado, pero fai falla moita imaxinación e aínda máis maña.

Que valorar?

- A convivencia nestes días, e a riqueza que aporta a diferenza de idade.
- A unión que reinou en todo momento entre os membros do grupo.
- A adaptación ás distintas situacións (residencias, comida de campo, tempos de espera,...).
- O saber compartirlas nosas cousas cos demais.
- O enriquecemento cultural e persoal.
- O agradecemento mutuo, xa que cada un puxo da súa parte todo o posible para levar á cabo esta viaxe.

Nas nosas Oracións e Celebracións demos grazas a Deus por permitírnos facer esta viaxe de irmandade, pedímoslle que protexera ó grupo e tamén ós nosos familiares e amigos. Recordamos a nosa amiga Pilar e a outra compañeira que non puido face-la viaxe.

Felicítamos a **Fundación O Noso Lar** polo labor que está realizando, e a D. Miguel dámoslle as grazas, non soamente por esta viaxe, senón tamén por facernos sentir amigos do Noso Lar.

GRACIAS.

Amparo Páramo



Frei Xosé Gómez

o noso bispo, fai a Visita Pastoral

Xa pasou o mes de novembro e chegou ese mes tan fermoso e esperado por todos, que é o Nadal.

E co mes de novembro, temos aínda no recordo a visita do noso Bispo, Frei Xosé. El, como Pastor da Diócese, e polo tanto de cada unha das parroquias, veu nun ambiente de cercanía e confianza, para animarnos a seguir vivindo a fe e os valores do Evanxeo de Xesucristo.

Foron cinco fins de semana intensas, cunha preparación tanto espiritual como física de cada un de nós e de cada igrexa; unha participación gozosa nas celebracións. En definitiva, todo para unha celebración festiva da vida e da fe.

Comezou a Visita Pastoral o sábado día 3 de novembro, cunha reunión cos mozos e mozas que se ían confirmar. Alí o Sr. Bispo faloulles da importancia da confirmación, como un momento de auténtica reflexión que ten que marca-la vida dunha persoa. Fixo unha chamada á coherencia, á autenticidade como persoas no vivir de cada día, a ser verdadeiras testemuñas de Cristo, a loitar pola xustiza. En definitiva, a axudar a vivir a tantas persoas que choran no noso mundo, a ser portadores da esperanza, na nosa familia, no noso pobo e na nosa sociedade. O mesmo que lles diría posteriormente ós mozos e mozas, que

se confirmaron en Lóuzara e cos cales se reuniría o sábado día 17 pola tarde.

Xa no domingo día 4, fixo a visita a Lier e Teivillide. O fin de semana seguinte (10-11 de novembro) a San Martiño, Loureiro e Lousada e a Suñide e Romelle. O 17 e 18, a Montán, Pascais, Freixo e Samos. O 24 e o 25, a Santalla, San Cristobo, Gundriz e San Xoán de Lóuzara. E o último fin de semana (1-2 de decembro), a Zoo, Estraxiz, Castroncán e San Mamede.

En cadansúa parroquia, foi animando a cada comunidade cristiá a vivi-la fe, nun trato personalizado a cada unha delas, tendo en conta a situación específica e as características propias das mesmas.

A idea central das celebracións nas distintas parroquias foi o **aspecto comunitario da fe**. Axudándonos a descubrir e invitando a revaloriza-la vida comunitaria na familia e na parroquia; unha vivencia comunitaria que se expresa ou alimenta nos valores que foi desgranando nas distintas igrexas:

- **A esperanza.** Unha esperanza froito da fe na resurrección de Cristo, esperanza que nos leva a descubrir que a mensaxe de Xesucristo segue a ter valor, sentido e actualidade na nosa sociedade. Unha esperanza que se vai afianzando no noso vivir de cada día, que nos estimula a vivir con ledicia.

- **A humildade.** A humildade é froito do estilo de vida de Xesús, un face-las cousas dende a sinxeleza e ó servizo, no amor ós demais.

- **Chamada a santidad.** Todos e cada un de nós, como cristiáns que somos, estamos chamados a vivir un estilo de vida que se asemelle cada vez máis ó de Xesús, o santo por excelencia.

- **Testemuñas de Cristo.** Ser testemuñas de Cristo na vida diaria, nunha sociedade onde os valores cristiáns non están de moda.



en resumen



- **A unidade.** O mandato de Xesús é claro “sede un, coma eu e o meu Pai somos un, para que o mundo véndovos, crea”. Dende esta invitación que se nos fai á unidade, temos que ser constructores da paz e da unión, tanto familiar, parroquial, como social.

- **O seguimento de Cristo.** Toda a vida dos cristiáns é un proceso de seguimento de Cristo. Todos formamos o grupo dos seus seguidores e El é o único Mestre.

Non podemos esquecernos de facer referencia a algo tan específico da Visita Pastoral como é a visita ós enfermos nas súas casas. Un encontro sempre agradable e alentador para os enfermos, que acolleron con moita confianza a Frei Xosé.

O día 17 de novembro, Frei Xosé tivo unha dis-tendida e agradable xuntanza-cea cos mozos e mozas que colaboran nas distintas actividades que, dende a Fundación, se realizan na zona. Comezouse a xuntanza reflexionando como a nosa forma de vida é froito dunha utopía, dun soño que outros tiveron fai anos ou quizais séculos. Tódalas actividades de solidariedade son importantes. Son os bos exemplos que os nosos xóvenes poden dar ós maiores. O máis importante non é sacar cartos para mandar ás persoas necesi-tadas, senón ir creando con-

ciencia das inxustizas que moitas persoas están sufrindo no mundo e ir tratando de cambia-los nosos esquemas. Neste senso, falamos dos inmi-grantes, que non son inimigos, senón persoas que veñen cubri-los postos de traballo que nós non queremos. A solidariedade, en cristián, chá-mase caridade. Darnos a nós mesmos é dar do noso, dende o amor ós demais coma irmáns, para así ser imaxe de Cristo.

Frei Xosé fixo polo tanto unha invitación a seguir mantendo e traballando pola solidariedade e tamén a ser capaces de abri-lo abanico de posibilidades, sempre para a construción de nós mesmos, e ó servizo dos demais. ¡Que os xóve-nes sexan os dinamizadores dos nosos pobos e de toda a xente que con eles se relacionan!

Outra das reunións, que con colectivos espe-ciais tivo o Bispo, foi co padroado da **Fundación O Noso Lar**. Nesta fíxose un balance do que foron os dez anos de existencia e de servizo que leva a Fundación nestas terras de Samos.

Frei Xosé valorou a dificultade da tarefa reali-zada nestes anos, animounos a seguir traballan-do desde a fe en Xesucristo, tomando a Xesús como exemplo na nosa vida de cristiáns.

Manuel Otero



Viaxes

de nós

Como tódolos anos, a Fundación O NOSO LAR vén de facer unha serie de viaxes para que as nosas xentes coñezan de primeira man o noso eido galego e todo o que en realidade hai de interese na nosa comunidade.

Visita excepcional foi a que fixemos á exposición “As Faces de Deus” no mosteiro de San Martiño Pinario en Santiago de Compostela. As marabillas que ollamos alí dificilmente as poderemos volver a ver xuntas na nosa vida. Arte milenaria para ollos contemporáneos que fixo as delicias dos asistentes: desde Exipto ata os nosos días vímo-las faces dos deuses das diferentes culturas que pasaron pola historia do noso mundo.

Non menos impresionante foi a nosa visita a San Andrés de Teixido, onde a natureza e tradición galega se mezclan profundamente: toda unha mistura de crenzas populares coa relixiosidade que se respiraba no ambiente. Para o anecdotario da Fundación quedará aí o paseo con escolta do autobús polas rúas peatonais do Ferrol: todo un luxo que fixo alucinar a máis dun dos oriundos, e que ben nos podería confundir coa chegada á cidade dos actores dunha gran ópera.

Impresión parecida causóuno-la visita a lugares onde a natureza e a beleza das nosas costas e das nosas poboacións fainos sentir máis orgullosos, día a día, do que nos rodea. Este foi o caso da nosa viaxe a Boiro, Porto do Son, Padrón,...

Pero a espiritualidade palpámola cando nunha destas viaxes nos achegamos ó mosteiro de Sobrado dos Monxes, onde puidemos disfrutar da exquisitez dos seus cánticos nas vésperas da comunidade cisterciense que habita aquel mosteiro. Neste mundo monacal chegas a entende-la necesidade que ás veces nos entra de abstraer-la abafante vida cotiá e retirarte por uns segundos nos teus pensamento vitais.

Todas estas cousas fan que creamos na realidade que hoxe en día é a Fundación O NOSO LAR: simplicidade no ve-las cousas que nos rodean e complexidade no pensamento que sobrevoa enriba de todos nós.

José Luís Garza Silvela

Entre outras actividades e programas que se teñen programado realizar, facemos mención das seguintes:

No ano

2002

Preparación da comparsa de Antroido. Durante as fins de semana dos meses de xaneiro e febreiro.

Encontros na lareira. Como xa vén sendo costume, un sábado ó mes xuntámonos na sede da Fundación, en San Román de Lousada, os mozos e mozas que queiran para falar, reflexionar e compartir aquilo que vivimos, que nos preocupa ou interesa; tamén para programar e realizar actividades que nos animen e axuden a vivir comprometidos coa nosa xente e a nosa terra.

Vacacións-convivencia para os maiores. Como en anos anteriores, as persoas maiores que queiran poderán disfrutar dunhas merecidas vacacións nun clima de convivencia, de familiaridade e de amizade. Será en Málaga, do vinteito de febreiro ó nove de marzo.

Formación de adultos. Nunca é tarde para aprender cousas novas; por iso, haberá un tempo de formación os luns de nove a dez e media da noite en Lousada.

Campamento. Para rapaces e rapazas de nove a dezasete anos do 16 ó 24 de xullo en Cangas de Morrazo.

Vacacións culturais. Seguindo co obxectivo de coñecer cada ano as riquezas culturais e paisaxísticas dun país distinto, este ano ofrecémo-la posibilidade de disfrutar das belezas de Francia. Máis en concreto, a zona de Burdeos, París e Bretaña. Será para mozas e mozos maiores de 18 anos entre os días 30 de xullo e 9 de agosto.

Excursión para todos. Un día de convivencia interxeracional. Será o día 10 de agosto. Seguiremos coñecendo a nosa costa.

XII Festa de convivencia cos nosos maiores. O 18 de agosto en Lóuzara.

en resumen

O viño e a saúde

O alcohol é unha droga de uso legal, aceptada e arraigada na nosa sociedade, sendo, á súa vez, unha das principais causas de enfermidade xunto coas cardíacas e o cancro. Isto é así porque é unha substancia moi fácil de conseguir, barata. Ademais, está tan presente na vida social onde o seu uso é case obrigado, que ten un grao de tolerancia moi alto, “apréndese” a consumir na familia e desde idades moi temperás.

Na actualidade, o alcohol é un dos principais problemas de drogadicción. España é un dos principais produtores e consumidores de alcohol d mundo. O consumo de bebidas alcohólicas experimentou en Galicia un crecemento importante. Así, o problema do alcoholismo converteuse sen dúbida nun dos fenómenos sociais máis xeneralizados de finais do século XX. Considérase que en España existen máis de 3 millóns de alcohólicos. Deles, o 80 % son alcohólicos “OCULTOS”. O noso municipio de Samos non escapa a estes datos e atopámonos con que gran parte dos problemas de saúde que chegan ás nosas consultas teñen a súa base no alcohol.

O límite de risco de consumo de alcohol ó día que non se debe sobrepasar sitúase en

- 4 vasiños de viño ou 4 cervexas para o varón (40 gramos / día, algo menos de medio litro ó día).
- 2 vasos pequenos ou 2 cervexas para a muller (25 gr. / día).

A muller presenta unha maior facilidade para o dano no fígado polo alcohol debido á distribución de graxa no seu corpo.

¿Canto alcohol se bebe na túa casa?

Existen formas distintas de abuso de alcohol. O consumo regular e diario de grandes cantidades é o caso máis frecuente no noso medio, sen que exista unha conciencia clara do problema. Ó contrario, considérase como normal a cantidade de un litro de viño ó día, que é claramente excesiva.

Outra forma de abuso é o consumo moi abundante as fins de semana. Esta forma de alcoholismo é a máis frecuente entre a xente nova e tan perigosa ou máis cá anterior, aumentando enormemente a cantidade de comas etílicos atendidos nos Servicios de Urgencias.

Ademais das enfermidades que o exceso de consumo alcohólico producen no aparello dixestivo (hepatites crónicas, cirroses, gastrites crónicas...), sobre o sistema cardiovascular (hipertensión arterial, cardiomiopatías), tumores (na boca, farinxe, esófago, larinxe, fígado) quero sobre todo destacar que os problemas relacionados co alcohol teñen unha dimensión social.

Así, hai que contemplar problemas laborais (con diminución do rendemento, absentismo, paro, accidentes); problemas familiares (descoido dos fillos, falta de cariño, violencia doméstica...); problemas legais (delictos, agresividade...).

O alcohol non só dana a quen o bebe, senón ó entorno do individuo, ó matrimonio, fillos, compañeiros de traballo...

Existe unha altísima probabilidade de que o fillo dun alcohólico presente no futuro o mesmo problema, pero agravado e con máis consecuencias negativas.

Por iso e tendo en conta estas datas, é responsabilidade de cada un atopar o equilibrio, a fronteira entre o idóneo e o perxudicial... e confiando niso, levanto a miña copa para brindar por un ano 2002 cheo de paz, harmonía, felicidade e saúde para todos.

Conchita Rodríguez Fernández
Médico



¡Que perdure a inxenitude!

Ó alonxarse da terra, o home perdeu as súas raíces máis poderosas.

Unhas raíces que nos serven de compás no longo camiño da vida.

Ó contacto coa natureza, o home aprende a sentir dunha maneira nova, moito máis simple, moito máis real. Esta sinxeleza enche este vacío de espiritualidade, que fai sufrir tanto ó home urbano.

A palabra máis terrible que se pronunciou contra o noso tempo é quizais esta: “perdémola inxenitude”. Dicar iso non é condenar necesariamente o progreso das ciencias e das técnicas, das que está tan orgulloso o noso mundo. O progreso é en si admirable, pero hai que recoñecer que este progreso non se realizou sen unha perda considerable no plano humano.

O home, enorgullecido da súa ciencia e das súas técnicas, perdeu algo da súa simplicidade. Ó perder esta inxenitude, o home perdeu tamén o segredo da felicidade. Toda a súa ciencia e tódalas súas técnicas déixano inqueda e só. Só ante a morte. Só nos encontros cos seus demos, que non o desertaron.

Esta inxenitude segue viva nos nosos campos, nas nosas aldeas rurais. Unhas vidas duras, homes e mulleres, que lonxe das grandes explotacións agrícolas, adicaron a súa vida a unha parcela da terra hasta que ela os cubra.



O que quere achegarse o suficiente, descubrirá un mundo que se rexe segundo os seus propios costumes. Unha sociedade, á marxe da sociedade de consumo, cun coñecemento da vida que non se aprende en ningunha outra escola. Alí, apréndese a vivir co sinxelo e a disfrutar del. Apréndese a observar, a escoitar, a ulir. Apréndese a non loitar contra o tempo, senón a adaptarse a el para que non pase tan a présa.

Apréndese tamén o significado das verbas austeridade e sacrificio.

Unhas vidas que son ó reverso da sociedade consumista, globalizante, hedonista e superficial que tende a converterse en paradigma.

Este medio rural experimenta profundas mutacións sociodemográficas. Problemas xeneracionais, de envellecemento da poboación e

masculinización da sociedade, debido ó masivo desprazamento cara ós núcleos urbanos.

O campo estase despoboando. Dentro de moi pouco tempo, non será máis ca un refuxio de fin de semana dalgunhas familias con ganas de autenticidade. As grandes explotacións agrícolas crearán novos núcleos urbanos e desaparecerá o pouco que nos queda da “Inxenitude”.

Antoine Passerat



en
resumen

A Reiriz o nome vénlle de...

En San Esteban de Reiriz atópase un sitio chamado A Veiga; alí hai un río cun tramo con nome de A Ola. Segundo contan os máis vellos do lugar, unha vez andaba un señor arando alí ó lado cunha parella de bois. Era unha tarde nublada na que apuntaba o trono. Nesto viñéron-lle as moscas ós bois e craváronse neles coméndoos a picotazos. Estes, vendo que non podían escapar das picaduras, botáronse a correr e metéronse no río para espantalas.



Cando os bois se quixeron dar conta estaban dando voltas no medio da ola sen poder parar. Deron varias voltas dentro da ola e saíron polo lado oposto ó que entraran.

¡Cal non sería a sorpresa do dono cando viu que na punta da rella do arado saía unha campá que poñía: San Esteban de Reiriz!

E contan que desde aquel mesmo día quedoulle ese nome ó lugar de Reiriz.


Xulio PÉrez Pereiras

REIRIZ, San Esteban.

Menciónase entre 1020-1061 *in Rairici alia vila*, un límite per *Reiriz* en 1064; outro límite *per illa ponte de Reiriz* en 1083; *e terram ubi dicunt Fogacos super Reiriz* en 1029 (TSA 15, 130, 142, 227). O nome persoal orixinario deste topónimo sería o gótico *Ragiricus/Rairicus* (HGN 213/7; OPNH 254/1113).

Aián posiblemente foi a villa *Adilani* que se cita entre 1020-1061 (TSA 15). Sen embargo Piel e Kremer derivan Aián do persoal *Agila*, *-anis* (HGN 5/16).

Veiga noméase *alia terra . . . super Veiga* (TSA 227). A orixe deste vocábulo suponse que sería o prerromano **vaika*, como propoñen Menéndez Pidal (OE 13/1) e Corominas (DCELC v. vega). Menos probable é a hipótese de García de Diego que supón **vadi-ca* 'terra de paso transitible' (DEEH 1050).



Nicandro Ares

Cantares de Reis

Coa chegada da festividade do Nadal vénsenos ó maxín un tipo de cantares populares cos que antigamente se festexaba o nacemento de Xesús e a chegada do ano novo. Estámonos a referir, por suposto, ós cantares de Reis. Ademais do motivo xa sinalado, outra das finalidades destes cantares eran o divertimento e conseguir algún agasallo. A mocidade que os interpretaba ía de porta en porta pedindo permiso para cantar:

reis dispostos vímo-los dos reis
dispostos para cantar,
se ustedes nos dan licencia
iremos a encomenzar

Eiqué vímo-los dos reis
dispuestos a cantar,
se ustedes no dan algo
podemos empezar.

Ás veces os rapaces tiñan que marchar coas mans baleiras. Daquela a despedida era proporcionada á hospitalidade recibida:

Estas portas son de ferro
ios ventanillos de alambre
ios que viven nela
están morrendo de fame.

Estas portas son de ferro,
iequí vive un gran becerro,
estas portas son de pau
aquí vive un gran marrau.



Cantámoschos reis,
rabo de zorro,
cantámoschos reis
e comíchelo todo.
Cantámoschos reis
rabo de palla,
cantámoschos reis
e non nos deche nada.

Sirva como mostra da enorme cantidade de cantares de Reis que aínda permanecen na memoria da xente o que nos interpretou Celestino López Sánchez hai xa uns cantos anos. Na actualidade estase intentando recuperar unha tradición que caera no esquecemento.

-¡Ai, miña Rosiña!
-¡Ai, meu queridiño!
Decía chorando
A mai do neníño.
-¡Cala, neno, cala,
cala, meu filliño,
mira que me partes
o corazonciño!

*Rapaces e vellos
mangai os polellos,
os que tedes pitos
tambores e gaitas
fuxide esta noite
pra bailar con nŮs,
palabras cantantes,
filli os de DŮs,
fuxide esta noite
pra bailar con nŮs,*

*palabras cantantes,
filli os de DŮs.*

-¡Ai! xuraba o tío Mingos,
na palla dos nados,
os bicos ó neno
non se iba sin darllos.
-Non lle hei dar un bico
que lle hei dar un cento,
anque seu pai me dea
un pau no canelo.

Retrouso.

E aínda máis alaban
un día tres vellas
desas que inda poden
roe-las codelas.
-Nada máis nin menos,

decía esta xente,
unha noble estrela
se ve en el oriente.

Retrouso

A mula non ten albarda
nin tampouco cabezada
e o boi estaba sin trela
tena o Neno, mira pra ela.
E costume mui antigo,
por antigo é respetado,
o de que o gallego veña
cantar a noite de Pascua.

Lanlarán, lanlaralán
lanlaralán-lanlaralán.

Xulio Pérez Pereiras

en resumen

A cultura da castaña

A castaña
ten unha maña
que se vai
con quen a
apaña

Fálase de “cultura da castaña” porque calquera tipo de cultivo leva asociadas unha serie de relacións humanas, arquitectura popular, tradición oral e leis non escritas. Pois ben, todo isto fai que se poida falar dunha manifestación cultural específica.

No concello de Samos non hai ningunha aldea sen castiñeiros. Pero nas últimas décadas do pasado século, a roturación de montes e soutos para facer prados, mermou bastante a enorme extensión que tiña noutro esta especie. Na actualidade, as maiores extensións de soutos de castiñeiro pódense contemplar en Lóuzara.

A castaña serviu como base da alimentación humana e animal, e tamén como medio de pago en especie das rendas forais ao Mosteiro de Samos.

Nunha carta de Luis Regueiro que se reproduce ó final deste Boletín, fálase de como aproveita-la castaña, así que remitimos alí.

Tipos de castiñeiros. O *preso* dá castañas duras e ásperas de sabor, pero a súa madeira é moi resistente. O *meiramés* é o que dá as castañas de maior calidade. O *lugués* e os *berdíos* producen un tipo de castañas moi graciosas;

así como os *rapados*. Os *blancos* dan castañas algo máis pequenas, e os *bravos* é un tipo de castiñeiro que non se enxerta.

Tarefas relacionadas cos castiñeiros. Acabamos de mencionar unha, o *inxerto*, que se realiza coas gallas dos brotos novos demoucados o ano anterior, cando a folla do nó comeza a abotoar. O *inxerto* e maila *demouca* serven para anova-los castiñeiros.

Cando as castañas estaban cumpridas, unha persoa con bo equilibrio, e desde o bico do castiñeiro, sacudíao golpeando os ourizos cunha vara longa collida coas dúas mans.

Unha vez sacudido o castiñeiro, ou cando os urizos regañan e deixan caer as que se chaman castañas devagadas, faise a apaña. Nalgunhas aldeas había leis non escritas que a regulamentaban. Por exemplo, en

Lóuzara o soto dividíase en adras. E non se podía apañar unha adra diferente á marcada por un garda ata que toda a veciñanza rematase de apañala. En cambio, os castiñeiros (*arredores*) que estaban nas ourelas dos prados ou das leiras de labranza eran de propiedade privada, polo que cada un apañaba as castañas cando quería.



Sequeiros


Se a castaña non se come en verde, hai que realizar outra tarefa, a seca, que dá lugar a dous tipos de construción: sequeiros e caniceiras.

Estes últimos son edificacións independentes da casa. Son de pequenas dimensións, para así aproveitar ben a calor do lume. Por iso é polo que, ademais, dispoñen de dúas ventás como moito.

Soen ter dúas plantas: na primeira hai un banco de madeira onde o propietario descansaba cando vixiaba o lume polas noites. A segunda planta tiña o piso de táboas estreitas de castiñeiro con case un centímetro de separación entre elas, para que subise o fume e a calor do piso de abaixo. Este tipo de piso recibe o nome de ripias.

Do nome “sequeiro” deriva *sequeirao* e así era chamado o propietario dun sequeiro que non era da aldea e que só estaba nel o tempo que duraba o castañal. Aínda que se trata dun traballo, tamén ten o seu lado festivo, pois nas noites de castañal xuntábanse alí para falar, quentárense a carón dos *tizos* e *chotelos* ou para formar algún baile amenizado por un gaiteiro.

Os sequeiros supuñan un incremento da poboación mentres duraba o castañal, pois en lugares como Parada ou Cortes había máis de quince sequeiros.



Caniceira

A caniceira, tamén chamada *canizo* e *quenzo*, formaba parte da casa tradicional, xa que estaba situada xusto por encima da lareira, o que permitía afumar tamén a carne dos cochos que se erguían do saleiro. Aínda hai caniceiras con vigas cheas de cravos e escarpías.

Ademais, esta ubicación diferente á do sequeiro, non obrigaba a durmir fóra da casa.

Á caniceira accedíase, xeralmente, desde a mesma cociña, xa que as ripias da mesma non cubrían toda a parte alta. Era por ese espacio que

quedaba sen ripias onde se subía á caniceira mediante unha escada de madeira.

Unha causa de máis diferencias co sequeiro é o feito de estar na cociña, cun mobiliario propio: trespés, escanos, espiteira...

Do nome “caniceira” provén a *canizada*, que eran as castañas que se secaban tanto no sequeiro coma na caniceira. Este feito quizabes sexa indicio de que o sequeiro foi unha construción posterior ás caniceiras, dado que á parte alta do sequeiro tamén se lle chama caniceira e a canizada provén do mesmo nome desta. Mais isto só nos atrevemos a sinalalo como hipótese da antigüidade dos mesmos.

(Sacado do Libro *Concello de Samos: Historia das súas parroquias*. Tomo IV)



Importancia dos coidados dos cascos das vacas

Un dos problemas máis frecuentes nas explotacións leiteiras, hoxe en día, son as coxeiras. Detrás das mamites e dos problemas reprodutivos, son unha das causas que máis gasto de diñeiro lle causa ó gandeiro. Unha vaca con problemas nas patas nota dor ó andar e non se achegará ó comedero ou a pacer coas outras, polo que esa vaca diminúe o consumo de alimentos e con iso a produción de leite.


Cando falamos de coxeiras debemos ter claro que é unha enfermidade con varias causas:

Alimentación. Os cambios bruscos na alimentación, xa sexa por exceso de cereais ou por falta de fibra nas primeiras fases de lactación, provocan que se alteren os microorganismos que a vaca ten no rumen (o primeiro dos catro estómagos da vaca) e liberen unhas toxinas que inflaman o forro interior do casco.

Instalacións. Coa estabulación do gando leiteiro, as vacas andan pouco e sobre superficies de formigón ou asfalto, co que se aumenta o risco de coxeira. Os cascos das vacas tenden, no cemento, a desgastarse máis polo talón, alargándose así a punta do casco. Entón hai que recortarlles cada certo tempo a parte anterior do casco. Se onde se deitan as vacas temos unha mala distribución dos cubículos, os animais adaptaciónse mal a eles e pasan moito tempo de pé, con altas probabilidades de ter un problema no casco.

Hixiene. Cando o chan da explotación está mollado ou con esterco, o casco rebrandece e o efecto do desgaste acelérase. É moi importante que o casco estea limpo e seco a maior parte do día. A falta de hixiene tamén provoca infeccións na pel que hai entre as dúas pezuñas.

Falta de coidados dos cascos. Polo menos unha vez ó ano debería reparar no estado dos cascos.



O obxectivo do recorte das pezuñas non só é eliminar un exceso de casco, senón tamén conseguir que a pata da vaca apoie correctamente. Pero ese recorte de pezuñas debe facelo xente preparada, pois un mal recorte das pezuñas pode aumentar aínda máis o problema da coxeira.

Hoxe en día contamos cunhas ferraduras especiais para colocar nos cascos das vacas. O que se consegue con estas ferraduras é paliar o excesivo desgaste que sofren os cascos. Estas ferraduras son de moi diversos tipos, dependendo de onde e como se vaian amarrar ó casco. Este medio de loita contra o desgaste dos cascos emprégano gandeiros que teñen que desprazar ós animais por asfalto longos percorridos varias veces ó día.

Tamén hai hoxe unhas próteses para colocar en partes do casco que se deterioraron enormemente (talón, punta do casco, etc.).

Se conseguimos correxir as causas citadas, as nosas vacas non padecerán coxeiras e mellorará así tanto a súa saúde como a produción leiteira.

Oscar López González



Sr. Director:

Creo que no *Boletín O Noso Lar* pode e débese tratar o tema do deporte, pois, practicado axeitadamente, proporciona benestar físico e psíquico, tan necesario nos tempos que nos toca vivir.

O deporte rei na actualidade é o fútbol. En Galicia temos dous equipos en primeira división: o Deportivo e o Celta de Vigo. Estes dous equipos teñen, entre outras, varias Copas do Rei. Do Compostela é de desexar que volva a primeira, o que sería un honor para toda Galicia.

Por todo o dito, non estaría demais organizar algunhas excursións á Coruña e Vigo en partidos importantes. Desde logo, para a xuventude sería mellor que meterse en locais onde corre o alcohol.

Recordo que o cura D. Manuel Penado, (párroco durante dous anos en Freixo, San Salvador do Val do Mao) dixo nunha homilía que o deporte practicado con bo fin tamén é un medio de santificación.

Luis Regueiro Chaos

Sr. Director:

O 27 de outubro celebrouse en Paredes de Lóuzara a IV Festa da Castaña, algo que, entre outras cousas, debería servir para ter maior aprezo por ese produto.

En efecto, utilizando a castaña como alimento para o gando porcino, teríamos unha carne de porco de maior calidade, máis saborosa. Poderíamos facer aquí igual que en Extremadura, onde os porcos son cebados ó aire libre con castañas e landras.

Cando eu tiña entre dez e vinte anos limpabamos os soutos; así que, cando caían as castañas, podíamos apaíalas doadamente. As que quedaban comíanas durante un mes os ranchos, e ben que engordaban.

Nos meses de setembro e outubro fun ó souto da Balsa e deume pena ver que case non se pode andar debido ás moitas silvas que alí hai. Isto supón que se perdan miles de quilos de castañas. Sen embargo, cun pouco de boa vontade, paciencia e un pequeno esforzo, cada un podía limpar a súa parcela. Isto sería máis ben cousa de persoas maiores, que non poden andar coas máquinas e facer traballos pesados. Pero o traballo que aquí se propón é cuestión de tempo, non require moito esforzo e serve como distracción.

Luis Regueiro Chaos

Sr. Director:

Aproveito esta sección para felicitalle, ¡como non!, pola saída á luz do *Boletín O Noso Lar*, brillante idea que culminou nese bo traballo. Vaia, pois, a miña noraboa para todo o equipo do NOSO LAR polo seu labor en xeral, naturalmente, e a maiores por esta nova publicación, que entendo vén a ser algo así como o voceiro da Fundación. ¡Felicidades!

Gustoume o primeiro boletín coas súas seccións formativas (historia, arte, saúde, opinión) e informativas (actividades, experiencias, tradicións). Formando e informando. Cumprindo así dous dos obxectivos que han de estar no punto de mira de todo medio de comunicación que se precie: FORMAR, INFORMAR, ENTRETENER.

Non vin isto último: un apartado adicado a unha especie de acertixos ou pasatempos. Iso que se chama pensamento lateral, onde cadaquén demostra a súa creatividade, enxeño ou capacidade mental resolvéndoo. Claro que non pasa nada se non conseguimos resolver correctamente algún deles ou todos. É unha invitación e unha axuda a que pasemos un bo rato, para non esquecermos o sentido lúdico da vida, para agudizar o noso enxeño, para sorrir, que iso tamén é saúde.

A título de exemplo, unhas mostras:

Un taxista de cidade recolleu a unha señora que non paraba de falar. Como non tiña gañas de entrar en conversación, simulou ser xordo e mudo sinalando a boca e os oídos para indicarlle que non podía falar nin oír. Cando chegou ó destino apuntou o taxímetro para indicarlle canto tiña que pagar. A muller pagou e baixouse. Pero ela decatouse de que o taxista non podía ser xordomudo. ¿Por que?

A María caeulle un pendente dentro dunha cunca de café quente; sen embargo, sacouno totalmente seco. ¿Como foi iso?

Dous mestres de xadrez xugaron cinco partidas, cada un gañou e perdeu o mesmo número de partidas pero ningún terminou en táboas. ¿Como é posible?

Eva Fernández Limeres

SOLUCIÓN

Non xugaron entre eles

O café era en gran

O subír, o taxista preguntoulle onde quería ir



SUBSCRIPCIÓN COLABORADOR

Festa en homenaxe ós nosos maiores: unha celebración gozosa, entrañable e solidaria;
as vacacións-convivencia para maiores: merecida recompensa tras unha vida de traballo;
casa de acollida temporal: onde os anciáns teñen un fogar,
catro libros con aportacións á historia de Samos desde a nosa cultura,
o presente boletín semestral...

Nestas e outras actividades vaise concretando o lema da Fundación *O Noso Lar*:

Ó servizo da xente da nosa terra.

Se queres recibi-los sucesivos números deste boletín, envía á Fundación *O Noso Lar*,
San Román de Lousada, 27620 Samos, Lugo, os teus datos (nome e enderezo)

Nome e apelidos

NIF Rúa

Nº Piso Porta Código postal

Localidade Provincia Teléfono

Se ademais desexas colaborar economicamente cos fins da Fundación *O Noso Lar*, envíanos tamén os seguintes datos:

IMPORTE

- ☐ 12 Euros
☐ 30 Euros
☐ 60 Euros
☐ Outros Euros

PERIODICIDADE

- ☐ Mensual
☐ Trimestral
☐ Semestral
☐ Anual
☐ Única

FORMA DE PAGO

- ☐ Domiciliación bancaria
☐ Talón bancario a nome de:
Fundación *O Noso Lar*
☐ Xiro postal

CONTAS PARA DONATIVOS A TRAVÉS DE INGRESOS E TRANSFERENCIAS

Banco Pastor - Samos. 0072 - 0247 - 92 - 0000200484

Caixanova - Sarria. 2080 - 0364 - 11 - 00400002902

DOMICILIACIÓN BANCARIA

Titular da conta Banco ou Caixa

Dirección bancaria Nº

Código postal Poboación Provincia

_____ **CÓDIGO CONTA CLIENTE** _____

Código entidade

Código oficina

D. C.

Número de conta

Firma do titular

Periodicidade Importe



Reflexión en voz alta

O tempo pasa moi rápido e das nosas vidas só queda
un recordo que se irá borrando co tempo.

Por iso temos que encher de sentidos a nosa experiencia da vida.

A honestidade dos nosos sentimentos,
a xustiza que persigamos na nosa comunidade,
o saber dar e recibir dos demais.

Todo iso é o que ten realmente sentido porque iso é o que quedará,
o que servirá de exemplo para as próximas xeracións.

O exemplo dunha vida pode cambiar outra.

Moitas persoas maiores da Diócese
déronme unha gran lección da vida
e axudáronme a debuxar mellor o meu propio camiño.

A fe en Deus comeza pola fe nos demais

Antoine Passerat



Ditoso quen vive a louzanía da infancia na paz da madurez.
Ditoso o que sabe e, sen embargo, aínda é capaz de asombrarse.
Ditoso o que nunca deixa de marabillarse.
Ditoso o que, a pesar da súa pobreza, segue amándose.